

Vilagarcía de Arousa, 10 de Abril de 2018

De: Asistencia Técnica Enxeñeiro
Para: Xerencia de Urbanismo

ASUNTO: OBRAS DE AMPLIACION DA REDE DE TELECOMUNICACIÓNS

SOLICITANTE: D. Ramón Rodríguez Enriquez e/r R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.U

SITUACION: R/ Patiño 9 P.E. TRABANCA

EXPTE. Nº: 174/18

D. Óscar Álvarez González, DNI: 35.463.670-Q, Enxeñeiro Técnico Industrial, sendo requerido polo Concello de Vilagarcía de Arousa para emitir informe do expediente arriba indicado emite o seguinte:

INFORME:

As obras consisten na execución de **5 m. de canalización soterrada para dar servizo de telecomunicacións a cliente..**

Examinada a documentación aportada polo solicitante **INFORMASE FAVORABLEMENTE** á realización das obras solicitadas debendo axustarse as seguintes **CONDICIONS:**

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. O titular da autorización está obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos e demais servizos que resulten afectados pola obra, restituíndo as anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto, de acordo coas directrices e criterios dos Servizos Técnicos Municipais.

3. Reposicións

A beirarrúa deberase repoñer cona mesma tipoloxía de loseta de bordillo, tomado con mortero e correctamente nivelado.

GABIA TRANSVERSAL

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado do ancho da gabia e 2 metros a cada extremo, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

4. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
5. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
6. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
7. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mestura bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
8. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.

OSCAR ALVAREZ

■ ESTUDIOS TÉCNICOS DO SALNÉS

9. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
10. Establécese unha **fianza de 500 €** como garantía de reposición de servizos afectados pola obra.

O Enxeñeiro Técnico Industrial

Asdo.- Óscar Álvarez González

(Contrato de Servizo adxudicado polo Concello de Vilagarcía de Arousa)